cREAgal

	O resultado foi excelente porque	O resultado foi bo porque	Non nos resultou doado porque	Hai aspectos que mellorar porque
Participación	Todas as persoas participamos, repartimos as tarefas de forma xusta e axúdamonos para que o proxecto saia adiante. (2.5)	Todas as persoas participamos e xeralmente repartimos as tarefas, aínda que ás veces non nos axudamos entre nós e estamos pendentes só do noso traballo. (1.75)	No grupo non todos participamos por igual (1.50)	Non colaboramos moito e a maior parte do traballo recae nun grupo reducido de persoas (1.25)
Interpretación musical	Facemos a interpretación con coidado: cantamos/tocamos atentos, escoitámonos entre nós e no escenario mantemos boa postura, silencio e respecto. (2.5)	Xeralmente cantamos/tocamos correctamente e comportámonos ben no escenario, aínda que nalgún momento perdemos atención ou concentración. (1.75)	Ás veces cantamos/tocamos sen atención e no escenario despistámonos ou non gardamos ben o silencio. (1.50)	Non coidamos a interpretación nin o comportamento no escenario: falamos, movémonos demasiado ou non respectamos o momento da actuación (1.25)
Posta en escena	Usamos o corpo, os xestos e o espazo para contar mellor a historia; expresámonos con intención e o que facemos axuda a entender o conto musical. (2.5)	A nosa expresión e movemento axudan á historia na maioría dos momentos, aínda que ás veces resultan pouco claros ou repetitivos. (1.75)	A expresión corporal e o movemento non sempre teñen relación coa historia e ás veces non acompañan ben á música. (1.50)	Non coidamos a expresión nin a posta en escena: quedamos ríxidos, descoordinados ou o que facemos non ten sentido dentro da historia. (1.25)
Progreso	Ao longo do proxecto aprendemos cousas novas, aplicámolas na práctica e nótase unha mellora clara no noso traballo musical e creativo. (2.5)	Aprendemos contidos novos e aplicámolos na maioría das situacións, aínda que ás veces nos custa aplicar todo o aprendido. (1.75)	A aprendizaxe é limitada: cústanos aplicar o que aprendemos.) (1.50)	Apenas hai avance nin comprensión do proxecto; repetimos tarefas sen entender o seu sentido. (1.25)

"Rúbrica para avaliar o traballo do grupo: Unha viaxe polo mundo: creando un conto musical intercultural", do proxecto *cREAgal*, publícase coa Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0